

PROXECTO DE XORNADA ÚNICA



CEIP CABADA VÁZQUEZ

INDICE

1. DATOS DO CENTRO.....	3
1.1 ALUMNADO ESCOLARIZADO.....	4
2. INTRODUCCIÓN.....	4
3. XUSTIFICACIÓN.....	5
3.1 HORARIO ACTUAL.....	6
3.2 HORARIO PROPOSTO DE SETEMBRO A XUÑO.....	7
4. PROCESO DE IMPLANTACIÓN E NORMATIVA QUE O REGULA.....	8
5. OBXECTIVOS.....	8
6. CAMBIOS SIGNIFICATIVOS COA XORNADA ÚNICA.....	10
6.1 HORARIO PARA O ALUMNADO.....	10
6.2 HORARIO PARA O PROFESORADO.....	11
6.3 RELACIÓN COAS FAMILIAS E TITORES/AS.....	11
7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	12
8. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	12
9. SERVIZO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR.....	16
10. AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA.....	16

1. DATOS DO CENTRO

NOME: CEIP CABADA VÁZQUEZ

CÓDIGO DO CENTRO: 36002220

ENDEREZO: A DEVESA, S/N - CODESEDA (SAN XURXO)

CONCELLO: A ESTRADA

PROVINCIA: PONTEVEDRA

TELÉFONO: 886151040 // 886151041 // 886151042

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.cabadavazquez@edu.xunta.es

NIVEIS EDUCATIVOS: INFANTIL E PRIMARIA

Nº DE ALUMNOS CON DEREITO A TRANSPORTE: 80

Nº DE ALUMNOS USUARIOS DE COMEDOR: 80

CENSO DE FAMILIAS: 61

1.1 ALUMNADO ESCOLARIZADO

Educación Infantil	4º	5
	5º	7
	6º	9
Educación Primaria	1º	9
	2º	7
	3º	14
	4º	4
	5º	15
	6º	10

2. INTRODUCCIÓN

Este proxecto xorde como resposta á demanda de numerosos membros da comunidade educativa, que solicitan unha modificación no horario escolar, tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento, mellorar a convivencia escolar, favorecer a conciliación da vida familiar; procurando un horario semellante aos centros da nosa contorna, que favoreza unha xestión educativa a longo prazo, unha estabilidade do profesorado do centro e unha continuidade na xestión actual do servizo de comedor.

3. XUSTIFICACIÓN

Ao rematar o curso 2021-2022, no CEIP Cabada Vázquez fixemos unha valoración sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave e os obxectivos acadados.

Tendo como referencia a avaliación continua e as medidas de atención a diversidade adoptadas, chegamos a conclusión de que era necesario elaborar unhas propostas de mellora. Unha delas é lograr unha mellor convivencia e a atención e concentración do alumnado en xeral. Estudamos as posibles opcións e decidimos que unha delas era aproveitar as horas da mañá para as materias que requirían maior concentración, pero co horario actual de 29 sesións (de 10:00 a 16:00 h ou 16:30 h) e 4 sesións pola tarde é imposible, xa que o profesorado co que contamos é o xusto e as horas máis aproveitables non son suficientes. Outro motivo é que nas sesións das tardes aumentaban os problemas de convivencia entre o alumnado, están cansos e non renden o suficiente.

Con todos estes datos chegamos á conclusión de que a opción era solicitar a implantación da xornada única. Estudando casos doutros colexios e comprobando que o cambio lle influíra positivamente, decidimos no Claustro de profesores que era unha moi boa opción e comezamos co procedemento.

Este modelo de xornada é a resposta do noso centro educativo aos cambios que se produciron na nosa sociedade e polo tanto na nosa realidade inmediata, a través de novas propostas organizativas e funcionais que se adapten a esa nova realidade social.

Na actualidade, existe unha progresiva tendencia a adoptar este modelo, polos beneficios que reporta a todos os integrantes da comunidade educativa.

3.1 HORARIO ACTUAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
07:45-09:50	PLAN MADRUGA				
09:50-10:00	ENTRADA AO CENTRO				
10:00-10:45					
10:45-11:30					
11:30-12:15					
12:15-12:45	RECREO				
12:45-13:30					
13:30-14:30					
14:30-15:30	COMEDOR				
15:30-16:00					
15:30-16:30					

3.2 HORARIO PROPOSTO DE SETEMBRO A XUÑO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
07:45-09:30	PLAN MADRUGA				
09:30-09:40	ENTRADA AO CENTRO				
9:40- 10:35					
10:35- 11:30					
11:30- 12:20					
12:20-12:50	RECREO				
12:50-13:45					
13:45-14:40					
14:40-15:35	COMEDOR				
15:35-16:40		Ⓜ			

- Ⓜ Os **martes** haberá actividades extraescolares ofertadas polo colexio de 15:35 h a 16:40h, xa que é o mesmo transporte escolar do IES e impide ter o mesmo horario que o resto da semana.

4. PROCESO DE IMPLANTACIÓN E NORMATIVA QUE O REGULA

O procedemento para a autorización da implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nas escolas de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria queda regulado na **Orde do 29 de maio de 2008** (DOG do venres, 6 de xuño de 2008).

Para crear este documento tamén se terá en conta a **Orde de 23 de xuño de 2011**, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Requisitos:

- ⊗ Acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro.
- ⊗ Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.
- ⊗ Informe favorable do Servizo de Transportes da Xefatura Territorial de Pontevedra.
- ⊗ Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais).
- ⊗ Plan específico de actividades extraescolares.

5. OBXECTIVOS

Xerais:

- ⊗ Mellorar a calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.
- ⊗ Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias clave do noso alumnado, así como a formación permanente de todo o equipo docente.
- ⊗ Asegurar a continuidade na organización actual do servizo de comedor.
- ⊗ Favorecer a estabilidade do profesorado no centro asegurando a continuidade dos distintos plans e proxectos nos que participamos, como o Abalar, o Plan de

Bibliotecas, os Contrato Programa, Programa MUS-E, Seccións Bilingües... e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.

- Ⓢ Garantir unha xestión estable a longo prazo do centro educativo.

Específicos:

- Ⓢ Aumentar o rendemento académico do alumnado entendendo que as horas da mañá aseguran un mellor rendemento cun maior nivel de atención e motivación, con máis capacidade de concentración e rendemento intelectual.
- Ⓢ Posibilitar o estudo persoal do alumnado segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- Ⓢ Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.
- Ⓢ Facilitar o paso ao instituto habituando aos alumnos e alumnas á xornada única e, sobre todo á hora de inicio das clases.
- Ⓢ Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello (Conservatorios e escola de música, escolas deportivas, actividades extraescolares, escolas de idiomas...), permitindo adiantar o inicio destas e facilitando que o alumnado dispoña de tempo suficiente para realizar a súas tarefas escolares e tempo libre para o ocio.
- Ⓢ Igualar o horario do centro cos demais centros do Concello e mesmo cos da contorna, favorecendo a toda a poboación do concello sen que ninguén se sinta prexudicado polo horario.
- Ⓢ Optimizar a tarefa do profesorado nos períodos non lectivos, ao dispor dun tempo máis axeitado para planificar o seu traballo, asistir a reunións, cursos de perfeccionamento, atender aos pais e nais,... repercutindo favorablemente na práctica docente e na elaboración de materiais.
- Ⓢ Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas dos que dispón o centro.

En calquera caso garantirase :

- 1 As 5 horas lectivas por día.
- 2 O funcionamento do servizos complementarios ofertados na actualidade: Transporte Escolar e **Comedor Escolar** coa xestión actual e colaboración do profesorado.
- 3 O funcionamento do Centro coas xuntanzas de Equipos e a atención a pais e nais.
- 4 A mesma hora de entrada pola mañá e de saída do transporte pola tarde durante toda a semana, agás os martes que sairían ás 16:40 horas, asegurándonos que ningunha familia se sinta prexudicada polo horario de permanencia no centro, ao ser o mesmo todos os días da semana.

6. CAMBIOS SIGNIFICATIVOS COA XORNADA ÚNICA

O cambio fundamental é o horario de permanencia no centro escolar:

- Ⓢ Será o mesmo horario durante todo o curso incluíndo setembro e xuño e non como ata agora que variaban estes meses.
- Ⓢ Desenvólvese nunha xornada matinal.
- Ⓢ Os martes pola tarde (de 15:35 h a 16:40 h) habería actividades extraescolares ofertadas polo colexio.
- Ⓢ Distribúe máis equitativamente o tempo de docencia ao ter o mesmo horario todos os días da semana.

6.1 HORARIO PARA O ALUMNADO

De setembro e xuño

- Ⓢ O período lectivo de mañá desenvolverase de luns a venres de 9:40 h a 14:40 h e os martes, que non sería lectivo, de 15:35 h ata as 16:40 h.
- Ⓢ O horario de comedor será de 14:40 h ata 15:35 h.
- Ⓢ O transporte escolar sairá as 15:35 h, agás os martes que sairá as 16:40 h.
- Ⓢ As actividades extraescolares ofertadas pola ANPA serán a partir das 15:35 h.

6.2 HORARIO PARA O PROFESORADO

- Ⓢ Horario de gardas de transporte: 9:30 h a 9:40 h
- Ⓢ Horario lectivo (clases): de 9:40 h a 14:40 h de luns a venres.
- Ⓢ Horario non lectivo: os martes de 15:35 h a 16:40 h, realizaranse as actividades extraescolares ofertadas polo centro.

E ademais todos os MARTES e todo o profesorado:

- De 16:40 h a 17:40 h: Horario de Tutoría para atención a consultas individuais por parte dos pais e nais sobre temas educativos.
- De 17:40 h a 18:40 h: Reunións dos Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- O resto do horario non lectivo estará adicado a Claustros e Consellos Escolares, actividades de Formación no propio centro...

Facilitarase a relación do profesorado coas familias por medio de reunións individuais ou globais por titorías ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo (convocarase unha primeira xuntanza entre setembro e outubro e ao longo do curso se se consideran necesarias). Irán incluídas na Programación Xeral Anual.

Todos os días, de 14:40 h A 15:35 h catro profesores/as colaborarán no servizo de comedor, ademais da presenza do encargado do comedor e a directora.

6.3 RELACIÓN COAS FAMILIAS E TITORES/AS

Dada a importancia da colaboración dos pais/nais co Centro na educación dos seus fillos/as, facilitarase ó máximo a súa relación cos/as titores/as e demais profesores/as dos seus fillos/as. O horario do Profesorado para estas tarefas será de 16:40 horas a 17:40 horas todos os martes.

No caso que algún pai ou nai tivese problemas, para achegarse a falar co profesorado a esa hora, serán recibidos en día e hora que acorden co titor ou titora.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizaranse as actividades complementarias: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, etc., saídas escolares, excursións, participación no Deporte Escolar, e aquelas novas que polo seu interese merezan ser incluídas e que se concretarán na Programación Xeral Anual do curso.

8. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O Plan de actividades extraescolares que se desenvolverían pola tarde no Centro estarían ofertadas polo colexio, a ANPA e o Concello.

Ao fronte de cada actividade, estará un monitor/a correspondente ou profesor/a responsable da mesma e sempre se contará co servizo de conserxería do centro. Todas as actividades caracterizaranse por:

- a) Ser de carácter voluntario.
- b) Ser actividades motivadoras e enriquecedoras para todo o alumnado do Centro.
- c) Non ter carácter discriminatorio.
- d) Axeitadas á idade, interese e diversidade do alumnado.
- e) Ter un carácter lúdico e cultural e ser integradoras.
- f) Con carácter gratuíto as organizadas polo profesorado, e cun pequeno custo as organizadas pola ANPA.

A maiores, todas estarán recollidas na Programación Xeral Anual que será aprobada ao comezo do curso académico polo Consello Escolar.

As actividades que se mostran, **amósanse como modelo pero sen carácter definitivo**. Poderanse ofertar outras distintas xa que o que aquí se amosa é só un exemplo ou unha previsión das que se poderían levar a cabo.

Ⓢ ACTIVIDADES GRATUÍTAS OFERTADAS POLO CENTRO:

As actividades extraescolares ofertadas polo centro realizaranse todos os martes en horario de 15:35 h a 16:35 h. Serán impartidas por todo o profesorado do centro e unha vez rematadas o alumnado volverá ás súas casas no transporte escolar. Estas actividades non son obrigatorias, polo que se as familias non queren que os seus fillos/as participen nelas recolleríanos no centro ás 15:35 h.

Entre as actividades ofertadas teríamos:

- ✓ LUDOTECA
- ✓ BIBLIOTECA
- ✓ TEATRO
- ✓ PANDEIRETA
- ✓ RITMO E MOVEMENTO

Todas as actividades terán sempre unha finalidade educativa e estarán deseñadas para obter un maior aproveitamento das actividades lectivas. Con elas tentaremos traballar ademais: a tolerancia, o traballo en equipo, o disfrute da lectura, a cooperación, a integración, a creatividade ...

A maiores, tódolos días (agás os martes), de 15:35 h a 16:35 h, ostentando a representación oficial do Centro, haberá un mestre ou mestra a cargo da biblioteca e como supervisor/a das actividades desa tarde.

Ⓢ Pola **ANPA**: realizaranse polas tardes a partir das 15:35 horas e terán a mesma duración e condicións que tiñan ata agora. Ao fronte de cada actividade, estará un monitor/a correspondente.

A oferta variará en función da demanda. As actividades que se ofertarán para o vindeiro curso son:

- ✓ BAILE MODERNO
- ✓ PATINAXE
- ✓ XIMNASIA RÍTMICA
- ✓ INGLÉS
- ✓ XOGOS EN IGUALDADE
- ✓ PREDEPORTE
- ✓ IOGA
- ✓ ZUMBA
- ✓ MANUALIDADES
- ✓ ABACO
- ✓ XESTIÓN EMOCIONAL
- ✓ TÉCNICAS DE ESTUDO
- ✓ MECANOGRAFÍA
- ✓ MINDFULNESS

📍 Polo **Concello**: onde a gran variedade de actividades propostas son nun horario dispoñible como é o da xornada única, tales como:

- ✓ CICLISMO
- ✓ NATACIÓN
- ✓ XIMNASIA
- ✓ PADEL
- ✓ JUDO
- ✓ KÁRATE
- ✓ PATINAXE E HOCKEY
- ✓ XADREZ
- ✓ TENIS
- ✓ TENIS DE MESA
- ✓ VOLEIBOL
- ✓ BÁDMINTON

- ✓ BALONCESTO
- ✓ SKATE
- ✓ BALONMÁN
- ✓ RUGBY

Contamos tamén cun **CONSERVATORIO , ESCOLA DE MÚSICA, ESCOLA DE DANZA E BAILE GALEGO E ESCOLA DE TEATRO**. O Concello e **ACOE** tamén ofertan actividades para o Nadal e en calquera período de vacacións.

NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO

- Durante o período comprendido entre as 15:35 h e as 16:35 h, as Normas de Organización e Funcionamento do Centro (N.O.F.C.) serán as que se apliquen en todo o relativo as "Normas de Convivencia" do alumnado.
- Cada actividade, na súa programación correspondente, establecerá as súas normas básicas: destinatarios, nº de participantes, duración, materiais, etc. De todo isto, darase información previa á inscrición na mesma.
- Calquera alumno/a poderá apuntarse a cantas actividades ofertadas desexa, sempre e cando estas lle sexan compatibles.
- O alumnado participante deberá contar sempre coa autorización familiar e o compromiso de respecto e aceptación das normas básicas de funcionamento.
- O alumno/a aportará o material necesario que a actividade requira.
- Os pais e nais recollerán aos alumnos/as inscritos nalgunha actividade na porta de entrada ao remate das actividades.
- A non asistencia á actividade deberá ser xustificada polos pais, nais ou titores/as legais. Unha ausencia prolongada e non xustificada, suporá a baixa na actividade.
- Ante a ausencia puntual dun monitor/a, se fose posible, notificarase ás familias para que o alumnado non asista a esa sesión; de non ser posible facer a notificación, o alumnado quedará ao coidado do profesorado de garda.

9. SERVIZO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

O cambio de horario de xornada partida a xornada única **non vai supoñer ningún cambio** na organización dos servizos de transporte ou comedor escolar.

O servizo de comedor continuará xestionado polo propio centro coa participación do profesorado na xestión e gardas, tal como se ven desenvolvendo actualmente.

10. AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA

A implantación da xornada única ten carácter reversible, debendo manterse desde a súa aprobación durante tres anos académicos, transcorrido este período decidirse por parte da Comunidade Educativa se é beneficioso ou non continuar con ela.

A avaliación realizaríase en xuntanzas co Claustro e Consello Escolar tendo como referencia os seguintes criterios:

- ⊗ Rendemento académico do alumnado.
- ⊗ Fatiga do alumnado e profesorado.
- ⊗ Incidencia sobre a vida familiar.
- ⊗ Aumento- diminución da participación nas actividades extraescolares.
- ⊗ Incidencia sobre outros servizos educativos da localidade: Escolas Deportivas, Conservatorio de Música, ...
- ⊗ Niveis de aceptación e grao de satisfacción dos colectivos implicados (familias, alumnado e profesorado).

Toda a información será recollida por escrito para o seu posterior estudo e interpretación polo Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar, utilizando os seguintes procedementos:

- ⊗ Observación directa nas sesións de traballo.
- ⊗ Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.

- ④ Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

O Consello Escolar pode promover unha comisión mixta de seguimento e avaliación do desenvolvemento da xornada única no centro.

Codeseda, 26 de xaneiro de 2023